

**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, DUNHA PRAZA VACANTE DE DE AUXILIAR DE BIBLIOTECA E ARQUIVO (OEP 2019), BASES PUBLICADAS NO BOP N° 169 DO 06/09/2021.**

**ASUNTO: APRAZAMENTO DO PRIMEIRO EXERCICIO DE PROCESO SELECTIVO**

O Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, dunha praza vacante de auxiliar de biblioteca e arquivo (OEP 2019) reuniuse en sesión do 6 de marzo de 2023 para dar resposta á seguinte solicitude:

- Solicitude da aspirante Natalia de la Peña Calvo presentada o 1 de marzo de 2023 (RE n° 13036) e completada os días 1 de marzo de 2023 (RE n° 13187) e 2 de marzo de 2023 (RE n° 13553). Manifesta que está na listaxe definitiva de incluídos do proceso selectivo para a cobertura dunha praza vacante de persoal funcionario de carreira, subgrupo C1, auxiliar de biblioteca e arquivo (OEP 2019) e solicita unha adaptación das condicións de realización (que inclúa o aprazamento) do primeiro exercicio do proceso selectivo, previsto para o día 7 de marzo de 2023. Achega documentación xustificativa da causa pola que se solicita o aprazamento do exercicio.

A base sétima das bases reguladoras (BOP n.º 169 do 06/09/2021), relativa ao tribunal cualificador, sinala que:

*“O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que podan presentarse e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en aqueles aspectos non previstos nestas bases”.*

Valorada a solicitude da aspirante, así como a documentación xustificativa achegada, e solicitado informe aon servizo de Recursos Humanos, o Tribunal acorda estimar a solicitude de aprazamento do primeiro exercicio para a aspirante Natalia de la Peña Calvo. A data de realización do primeiro exercicio para esta aspirante será publicada polo Tribunal coa debida antelación.

Este acordo non modifica en ningún caso a data de realización do exercicio para os restantes aspirantes, que están convocados para a súa realización o día 7 de marzo de 2023 ás 12.00 horas nas instalacións de FIMO - Feira Internacional de Mostras – sito na Malata s/n.

Ferrol, na data que figura na sinatura dixital

O secretario do Tribunal